Destacar a importancia da avaliación inicial na atención á diversidade, tanto como medio para a identificación temprana das necesidades educativas como para proceder á posterior aplicación das medidas que se consideren necesarias.

No proceso será de vital importancia a avaliación continua e formativa , que se axeitará ás necesidades e ao estadio madurativo dos nenos e nenas da aula.

## 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

### Criterios de cualificación:

Os criterios de cualificación están marcados pola consecución dos criterios para cada unidade segundo as táboas de indicadores que se elaborarán seguindo a escala de estimación: sen dificultade, en proceso, con dificultade de forma que, o alumno/a obterá a súa calificación en función do grado de consecución dos obxectivos propostos observado polo mestre/a, valorando as súas producións plásticas e participación nas actividades e obradoiros desenvolto durante o proceso de ensinanza aprendizaxe.

### Criterios de recuperación:

Este apartado non procede nesta etapa educativa.

## 6. Medidas de atención á diversidade

Á hora de elaborar a programación tiven en conta a diversidade de todo o alumnado adaptándoa as súas características individuais, ritmos, intereses e necesidades e potenciando o respecto pola mesma. Así mesmo, traballo de forma coordinado co persoal que forma parte do Departamento de Orientación (orientadora e profesorado especialista en PT e AL) co fin de favorecer o desenvolvemento integral de todo o alumnado atendendo ás súas características e necesidades individuais. Tendo isto en conta, co fin de dar unha resposta axeitada ás necesidades de todo o meu alumnado poñerei en práctica as seguintes medidas ordinarias de acordo co sinalado no D.229/2011 do 7 de decembro polo que se regula a atención á diversidade:

- adecuación da programación didáctica ao contorno e ao alumnado
- metodoloxía baseada no traballo por proxectos e actividades cooperativas.
- adaptación de tempos e procesos de avaliación.
- reforzo educativo.
- Unha organización a nivel de aula que favoreza a inclusión e as necesidades.
- Adecuar á programación didáctica, realizarase unha interpretación flexible do currículo axustada ao grupo clase e ao alumnado con NEAE, de xeito realista e inclusivo.
- Secuenciar a xornada educativa e as tarefas, incluíndo pictogramas.
- Intervir educativamente sempre dende un enfoque multidisciplinar, dentro do propio centro (titoría, DO, PT, AL, etc) e dende fóra do mesmo (familia ou titores legais, servizos sanitarios, logopeda, atención temperá, asociacións , sociais, etc).

Así mesmo ,tendo en conta as necesidades específicas de apoio educativo do meu alumnado poñéranse en práctica

as seguintes medidas extraordinarias, contando coa colaboración do Departamento de orientación e traballando de forma coordinada buscando favorecer ó máximo o desenvolvemento das nenas e nenos:

-Apoio do profesorado especialista en pedagogía terapéutica e audición e linguaxe

### 7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2
ET.1 - Autonomía persoal e imaxe positiva de si mesmo, igualitaria e libre de estereotipos	X	X
ET.2 - Pautas elementais de convivencia.	X	X
ET.3 - Descubrimento do entorno, dos seres vivos que nel conviven, e coidado dos mesmos.	X	X
ET.4 - Promoción e educación para a saúde.	X	X

### 7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Día universal da Infancia (20 novembro)	Contacontos.(área2)	X		
Día internacional contra a violencia de xénero	Photocall	X		
Día internacional das persoas con discapacidade	Conto e asemblea de reflexión	X		
Día da Declaración Universal dos Dereitos Humano	Asemblea.	X		
Día ida declaración universal dos Dereitos Humanos	Actividade expresión oral		X	
Día escolar da non violencia e a paz	Canción		X	
Día Internacional da muller	Contacontos		X	
Día internacional contra o acoso escolar	assemblea			X

### 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico

Deseño das actividades adecuadas ao alumnado
Instrumentos de avaliación eficaces e adecuados.
A avaliación do alumnado utilízase para modificar o proceso de ensinanza aprendizaxe.
Individualización do proceso ás características de cada alumna/o.
Metodoloxía empregada
Elementos curriculares presentes nas actividades
Temporalización de actividades adecuada.
Tivéronse en conta os intereses do alumnado no deseño de actividades e propostas
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Empréganse diversos recursos didácticos
Medidas de atención á diversidade
Contémplanse todas as NEAE no deseño das actividades
Utilízase diversidade de materiais para accederá información, para expresarse e para fomentar a motivación
Promóvese o desenvolvemento de diferentes capacidades e habilidades.
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Existe coordinación co equipo docente
Promóvese a participación das familias

#### **Descrición:**

Todos os indicadores de logro teranse en conta para recoller información sobre o proceso de ensinanza para poder modificalo e melloralo.

### **8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora**

A programación se valorará a través da realización dunha rúbrica na que se puntuarán os indicadores citados anteriormente.

Haberá un seguimento a través da aplicación Proens dende a coordinación de ciclo en infantil ao rematar cada trimestre.

### **9. Outros apartados**



# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

## Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15001471	CEIP Praia Xardín	Boiro	2023/2024

## Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación infantil	Comunicación e representación da realidade	5º Inf.	8	280

## Réxime

Réxime xeral-ordinario

<b>Contido</b>	<b>Páxina</b>
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	4
4.1. Concrecións metodolóxicas	10
4.2. Materiais e recursos didácticos	10
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	11
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	12
6. Medidas de atención á diversidade	12
7.1. Concreción dos elementos transversais	12
7.2. Actividades complementarias	13
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	13
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	14
9. Outros apartados	14

## 1. Introducción

Esta programación está realizada para poñer en práctica cun grupo de 18 alumnos e alumnas de 5º de Educación Infantil, (de 4 anos de idade), partindo das súas características evolutivas atendo ao distintos ámbitos do desenvolvemento (motor, afectivo, físico, cognitivo, emocional e social) e individuais, así como das súas necesidades e intereses, respectando a súa diversidade e fomentando valores como o respecto e a igualdade entre homes e mulleres.

O centro no que se levará a cabo é no CEIP Plurilingüe Praia Xardín, situado en Boiro, ao que acoden nenos tanto de zonas rurais do concello como da zona urbana. Boiro sitúase no suroeste da provincia de A Coruña, no marxe norte da Ría de Arousa. O nivel socioeconómico é medio-baixo.. O centro imparte xornada continua de 9:30 h. a 14:30 h e conta con servizos complementarios de comedor e transporte escolar. O horario de atención ás familias é o martes de 16:00 á 17:00 h e as reunións docentes de 17:00 a 19:00 horas.

Por outra banda cabe sinalar que a través da área de Comunicación e Representación da Realidade pretendo promover nas nenas e nenos as capacidades que lles permitan comunicarse e interpretar a realidade a través de diferentes linguaxes e formas de expresión como medio para construír a súa realidade e relacionarse cos demais.

A temporalización das unidades propostas é orientativa e sempre aberta, así poderá ser modificada tendo en conta a realidade educativa de cada alumno e alumna.

## 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Manifestar interese por interactuar en situacións cotiás a través da exploración e do uso do seu repertorio comunicativo para expresar as súas necesidades e intencións e para responder ás esixencias da contorna.	1	1				1		
OBX2 - Interpretar e comprender mensaxes e representacións apoiándose en coñecementos e recursos da súa propia experiencia para responder ás demandas da contorna e construír novas aprendizaxes.	1	1		1	1			
OBX3 - Producir mensaxes de maneira eficaz, persoal e creativa utilizando diferentes linguaxes, descubriendo os códigos de cada unha delas e explorando as súas posibilidades expresivas para responder a diferentes necesidades comunicativas.	1		1	1			1	1
OBX4 - Participar por iniciativa propia en actividades relacionadas con textos escritos, mostrando interese e curiosidade por comprender a súa funcionalidade e algunhas das súas características.	1	1		1				
OBX5 - Valorar a diversidade lingüística e dialectal presente na súa contorna, así como outras manifestacións culturais, para enriquecer as súas estratexias comunicativas e a súa bagaxe cultural.	1			1				1

### Descrición:

### 3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Pensando en verde: Aprendemos a coidar o planeta!	A través desta unidade investigaremos sobre as distintas formas de coidar o medio ambiente, potenciando a reflexión sobre a importancia da nosa accións para contribuír á súa conservación.	140	X	X	
2	O noso horto	Con este proxecto continuamos profundizando no coidado da natureza e reflexionando sobre os froitos que nos proporciona se coidamos o horto, potenciando a experimentación e exploración.	140		X	X

### 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Pensando en verde: Aprendemos a coidar o planeta!	140

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA1.1 - Participar de maneira activa e axustada, espontánea e respectuosa coas diferenzas individuais en situacións comunicativas de diverso tipo.	Fai algunha aportación de xeito guiado nas situacións de intercambio comunicativo (asambleas, dinámicas de grupo...)	TI
CA1.4 - Axustar o seu repertorio comunicativo ás propostas, aos interlocutores e ao contexto, indagando nas posibilidades expresivas das diferentes linguaxes.	Adapta o seu repertorio comunicativo ao contexto.	
CA2.2 - Participar en diferentes situacións de uso das dúas linguas cooficiais recoñecendo a importancia de ambas as dúas para fomentar a riqueza cultural da nosa comunidade.	Emprega as dúas linguas cooficiais en función da situación.	
CA2.4 - Valorar positivamente as particularidades lingüísticas da contorna próxima.	Valora positivamente a súa lingua.	
CA2.5 - Relacionarse coas demais persoas a través da fala empregando as expresións de convencións sociais básicas que regulan as relacións interpersoais.	"Coñece as expresións de convencións sociais básicas e empregaas no intercambio comunicativo usando unha linguaxe respetuosa coas demais persoas.	
CA2.7 - Participar en interaccións comunicativas en lingua estranxeira relacionadas con rutinas e situacións cotiás.	Participa en interaccións comunicativas en lingua estranxeira nas rutinas.	
CA3.1 - Percibir, identificar e discriminar sons da lingua aumentando o seu repertorio comunicativo e adquirindo progresivamente unha maior precisión.	Participa nas actividades e xogos de conciencia fonolóxica recoñecendo os diferentes sons da lingua e asociados coas letras.	

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA3.2 - Interpretar de forma eficaz as mensaxes e as intencións comunicativas dos demais.	Comprende as mensaxes emitidas por outras persoas.	
CA3.5 - Evocar e expresar espontaneamente ideas a través do relato oral.	Emprega a lingua oral como medio de expresión	
CA4.1 - Mostrar interese por comunicarse a través de códigos escritos, convencionais ou non, valorando a súa función comunicativa.	mostrar interese por comunicarse.	
CA4.2 - Identificar algunha das características textuais e paratextuais mediante a indagación acompañada en textos de uso social libres de todo tipo de prexuízos e estereotipos.	Identifica as características dos textos.	
CA5.1 - Identificar algunha das características textuais e paratextuais mediante a indagación acompañada en textos de uso social libres de todo tipo de prexuízos e estereotipos.	Identificar algunha das características dos textos.	
CA5.3 - Gozar compartindo a escoita e a lectura de textos literarios.	Escoita con atención a lectura de textos literarios e goza compartindo ese momento coas compañeiras e compañeiros.	
CA5.4 - Participar en actividades de aproximación á literatura infantil, tanto de carácter individual coma en contextos dialóxicos e participativos, descubriendo, explorando e apreciando a beleza da linguaxe literaria.	Participa activamente nas asembleas posteriores á lectura dun conto.	
CA6.1 - Percibir, identificar e discriminar sons.	Participa nas actividades e xogos de conciencia fonolóxica amosando capacidade para percibir sons.	
CA6.2 - Interpretar propostas dramáticas e musicais utilizando e explorando diferentes instrumentos, recursos ou técnicas.	Interpretar propostas dramáticas.	
CA6.5 - Expresar gustos, preferencias e opinións sobre distintas manifestacións artísticas, explicando as emocións que produce o seu gozo.	Expresa os seus gustos e preferencias.	
CA7.2 - Elaborar creacións plásticas explorando e utilizando diferentes materiais e técnicas e participando activamente no traballo en grupo.	Elaborar creacións plásticas.	
CA7.3 - Expresar emocións, ideas e pensamentos a través de manifestacións plásticas, artísticas e culturais, gozando do proceso creativo.	Expresase empregando as distintas linguaxes.	
CA7.4 - Expresar gustos, preferencias e opinións sobre distintas manifestacións artísticas, explicando as emocións que produce o seu gozo.	Emprega as distintas linguaxes para expresar os seus gustos.	
CA8.1 - Explorar as posibilidades expresivas do corpo a través da dramatización e da danza.	Explorar posibilidades expresivas.	
CA8.3 - Valorar as producións dos demais de forma crítica, respectuosa e empática.	Respecta e valora as producións dos compañeiros/as	
CA8.4 - Interpretar corporalmente mensaxes expresadas noutras linguaxes (musical, plástica, gráfica, escrita e oral) e indagar nas posibilidades expresivas que ofrecen as transferencias entre elas.	Reflexiona sobre as mensaxes procedentes de distintas linguaxes artísticas.	

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA9.3 - Expresarse de maneira creativa utilizando diversas ferramentas ou aplicacións dixitais intuitivas e visuais para expresarse de maneira creativa.	Expresarse de maneira creativa.	

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Repertorio comunicativo e elementos da comunicación non verbal.</li> <li>- Convencións sociais do intercambio lingüístico en situacións comunicativas que potencien o respecto e a igualdade: atención, escoita activa, quendas de diálogo e alternancia.</li> <li>- Achegamento á realidade lingüística da contorna. Fórmulas ou expresións que responden ás súas necesidades ou intereses.</li> <li>- Emprego de fórmulas ou expresións que responden ás súas necesidades ou intereses.</li> <li>- Aproximación á lingua estranxeira. Elementos para unha comunicación funcional básica.</li> <li>- Fórmulas e expresións de convencións sociais básicas que regulan as relacións interpersoais.</li> <li>- Utilización da linguaxe oral en situacións cotiás e as súas funcións: conversacións, xogos de interacción social e expresión de vivencias.</li> <li>- Creación de textos ou enunciados orais formais e informais.</li> <li>- Verbalización da secuencia de accións nunha actividade planificada.</li> <li>- Intención comunicativa e achegamento ás principais características textuais e paratextuais. Primeiras hipóteses para a interpretación e a comprensión.</li> <li>- Identificación dos usos sociais e das funcións da lectura e da escritura: comunicativa, representativa e lúdico-creativa.</li> <li>- Diferenciación entre as formas escritas e outras formas de expresión gráfica.</li> <li>- Achegamento a textos literarios orais e escritos con contido libre de prexuízos, co fin de contribuír a desenvolver valores sobre cultura de paz, dereitos da nena e do neno, igualdade de xénero e diversidade funcional étnico-cultural.</li> <li>- Memorización e recitado de textos literarios.</li> <li>- A biblioteca de centro e de aula como recurso de aproximación á literatura.</li> <li>- Escoita atenta de narracións e instrucións lidas por outras persoas.</li> <li>- Discriminación de sons e identificación da fonte sonora.</li> <li>- Exploración das posibilidades sonoras, expresivas e creativas da voz e do corpo.</li> <li>- Achegamento a propostas musicais en distintos formatos: escoitar, cantar, bailar e tocar.</li> <li>- Aprecio da escoita musical como fonte de gozo.</li> <li>- Respecto polas producións alleas.</li> <li>- Identificación das funcións da linguaxe musical: comunicativa, representativa e lúdico-creativa.</li> <li>- Aproximación aos elementos básicos da expresión plástica, técnicas e procedementos.</li> </ul>

## Contidos

- Intención expresiva de producións plásticas e pictóricas.
- Respecto cara ás producións alleas.
- Exploración das posibilidades expresivas e comunicativas do propio corpo (cara, postura, ton, xestos) en actividades individuais e grupais libres de prexuízos e estereotipos sexistas.
- Uso do baile e da danza como medios de expresión.
- Respecto cara ás producións alleas.
- Vivencia do xesto e do movemento como recursos corporais para a expresión, a comunicación e o intercambio afectivo.
- Uso saudable e responsable das tecnoloxías dixitais.
- Aproximación ao uso de ferramentas dixitais en procesos creativos.

UD	Título da UD	Duración
2	O noso horto	140

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA1.1 - Participar de maneira activa e axustada, espontánea e respectuosa coas diferenzas individuais en situacións comunicativas de diverso tipo.	Fai algunha aportación de xeito guiado nas situacións de intercambio comunicativo (asambleas, dinámicas de grupo...)	TI
CA1.4 - Axustar o seu repertorio comunicativo ás propostas, aos interlocutores e ao contexto, indagando nas posibilidades expresivas das diferentes linguaxes.	Adapta o seu repertorio ao contexto.	
CA2.2 - Participar en diferentes situacións de uso das dúas linguas cooficiais recoñecendo a importancia de ambas as dúas para fomentar a riqueza cultural da nosa comunidade.	Emprega as dúas linguas cooficiais en función do contexto.	
CA2.4 - Valorar positivamente as particularidades lingüísticas da contorna próxima.	Valora positivamente a súa lingua.	
CA2.5 - Relacionarse coas demais persoas a través da fala empregando as expresións de convencións sociais básicas que regulan as relacións interpersoais.	Coñece as expresións de convencións sociais básicas e empregaas no intercambio comunicativo usando unha linguaxe respetuosa coas demais persoas.	
CA2.7 - Participar en interaccións comunicativas en lingua estranxeira relacionadas con rutinas e situacións cotiás.	Participa en interaccións comunicativas en lingua estranxeira nas rutinas.	
CA3.1 - Percibir, identificar e discriminar sons da lingua aumentando o seu repertorio comunicativo e adquirindo progresivamente unha maior precisión.	Participa nas actividades e xogos de conciencia fonolóxica recoñecendo os diferentes sons da lingua e asociándoos coas letras.	
CA3.2 - Interpretar de forma eficaz as mensaxes e as intencións comunicativas dos demais.	Comprende as mensaxes emitidas por outras persoas.	

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA3.5 - Evocar e expresar espontaneamente ideas a través do relato oral.	Emprega a lingua oral como medio de expresión	
CA4.1 - Mostrar interese por comunicarse a través de códigos escritos, convencionais ou non, valorando a súa función comunicativa.	Mostrar interese por comunicarse.	
CA4.2 - Identificar algunha das características textuais e paratextuais mediante a indagación acompañada en textos de uso social libres de todo tipo de prexuízos e estereotipos.	Identifica as características xerais dos textos.	
CA5.1 - Identificar algunha das características textuais e paratextuais mediante a indagación acompañada en textos de uso social libres de todo tipo de prexuízos e estereotipos.	Identificar características dos textos.	
CA5.3 - Gozar compartindo a escoita e a lectura de textos literarios.	Escoita con atención a lectura de textos literarios e goza compartindo ese momento coas compañeiras e compañeiros.	
CA5.4 - Participar en actividades de aproximación á literatura infantil, tanto de carácter individual coma en contextos dialóxicos e participativos, descubriendo, explorando e apreciando a beleza da linguaxe literaria.	Participa activamente nas asembleas posteriores á lectura dun conto.	
CA6.1 - Percibir, identificar e discriminar sons.	Participa nas actividades e xogos de conciencia fonolóxica amosando capacidade para percibir sons.	
CA6.2 - Interpretar propostas dramáticas e musicais utilizando e explorando diferentes instrumentos, recursos ou técnicas.	Interpretar propostas dramáticas.	
CA6.5 - Expresar gustos, preferencias e opinións sobre distintas manifestacións artísticas, explicando as emocións que produce o seu gozo.	Mostra a súa opinión.	
CA7.2 - Elaborar creacións plásticas explorando e utilizando diferentes materiais e técnicas e participando activamente no traballo en grupo.	Elaborar creacións plásticas.	
CA7.3 - Expresar emocións, ideas e pensamentos a través de manifestacións plásticas, artísticas e culturais, gozando do proceso creativo.	Expresase empregando as distintas linguaxes.	
CA7.4 - Expresar gustos, preferencias e opinións sobre distintas manifestacións artísticas, explicando as emocións que produce o seu gozo.	Expresar gustos.	
CA8.1 - Explorar as posibilidades expresivas do corpo a través da dramatización e da danza.	Explorar posibilidades expresivas do corpo.	
CA8.3 - Valorar as producións dos demais de forma crítica, respectuosa e empática.	Respecta e valora as producións dos compañeiros/as	
CA8.4 - Interpretar corporalmente mensaxes expresadas noutras linguaxes (musical, plástica, gráfica, escrita e oral) e indagar nas posibilidades expresivas que ofrecen as transferencias entre elas.	Reflexiona sobre as mensaxes procedentes de distintas linguaxes artísticas.	



Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA9.3 - Expresarse de maneira creativa utilizando diversas ferramentas ou aplicacións dixitais intuitivas e visuais para expresarse de maneira creativa.	Expresase de maneira creativa.	

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Repertorio comunicativo e elementos da comunicación non verbal.</li> <li>- Convencións sociais do intercambio lingüístico en situacións comunicativas que potencien o respecto e a igualdade: atención, escoita activa, quendas de diálogo e alternancia.</li> <li>- Achegamento á realidade lingüística da contorna. Fórmulas ou expresións que responden ás súas necesidades ou intereses.</li> <li>- Emprego de fórmulas ou expresións que responden ás súas necesidades ou intereses.</li> <li>- Aproximación á lingua estranxeira. Elementos para unha comunicación funcional básica.</li> <li>- Fórmulas e expresións de convencións sociais básicas que regulan as relacións interpersoais.</li> <li>- Utilización da linguaxe oral en situacións cotiás e as súas funcións: conversacións, xogos de interacción social e expresión de vivencias.</li> <li>- Creación de textos ou enunciados orais formais e informais.</li> <li>- Verbalización da secuencia de accións nunha actividade planificada.</li> <li>- Intención comunicativa e achegamento ás principais características textuais e paratextuais. Primeiras hipóteses para a interpretación e a comprensión.</li> <li>- Identificación dos usos sociais e das funcións da lectura e da escritura: comunicativa, representativa e lúdico-creativa.</li> <li>- Diferenciación entre as formas escritas e outras formas de expresión gráfica.</li> <li>- Achegamento a textos literarios orais e escritos con contido libre de prexuízos, co fin de contribuír a desenvolver valores sobre cultura de paz, dereitos da nena e do neno, igualdade de xénero e diversidade funcional étnico-cultural.</li> <li>- Memorización e recitado de textos literarios.</li> <li>- A biblioteca de centro e de aula como recurso de aproximación á literatura.</li> <li>- Escoita atenta de narracións e instrucións lidas por outras persoas.</li> <li>- Discriminación de sons e identificación da fonte sonora.</li> <li>- Exploración das posibilidades sonoras, expresivas e creativas da voz e do corpo.</li> <li>- Achegamento a propostas musicais en distintos formatos: escoitar, cantar, bailar e tocar.</li> <li>- Aprecio da escoita musical como fonte de gozo.</li> <li>- Respecto polas producións alleas.</li> <li>- Identificación das funcións da linguaxe musical: comunicativa, representativa e lúdico-creativa.</li> <li>- Aproximación aos elementos básicos da expresión plástica, técnicas e procedementos.</li> </ul>

## Contidos

- Intención expresiva de producións plásticas e pictóricas.
- Respecto cara ás producións alleas.
- Exploración das posibilidades expresivas e comunicativas do propio corpo (cara, postura, ton, xestos) en actividades individuais e grupais libres de prexuízos e estereotipos sexistas.
- Uso do baile e da danza como medios de expresión.
- Respecto cara ás producións alleas.
- Vivencia do xesto e do movemento como recursos corporais para a expresión, a comunicación e o intercambio afectivo.
- Uso saudable e responsable das tecnoloxías dixitais.
- Aproximación ao uso de ferramentas dixitais en procesos creativos.

### 4.1. Concrecións metodolóxicas

Con respecto á metodoloxía cabe dicir que empregarei un enfoque globalizador que permita interrelacionar contidos das distintas áreas para unha adecuada adquisición das competencias clave e buscando acadar os obxectivos da etapa, primando a educación en valores e o respecto da diversidade de todo o alumnado, respectando os seus ritmos e características individuais e adaptándome a elas. Respectarei o seu proceso de adaptación á escola prestando atención ás súas necesidades e introducindo de forma progresiva as rutinas e normas da aula potenciando a súa expresión e comunicación, fomentando a educación emocional fundamental nesta etapa educativa. Así mesmo, cabe dicir que o xogo terá un gran protagonismo na rutina diaria posto que constitúe a principal actividade da infancia. Tamén nos iniciaremos no uso das dúas linguas cooficiais potenciando o respecto e valoración das mesmas.

Dentro da metodoloxía desta programación salientamos:

- A concepción de proxectos nos que se reflectirán os intereses do alumnado acerca do proceso de aprendizaxe.
- Ao longo das actividades empregaremos agrupacións individuais, de parella, grupos ou equipos (fomentando o traballo colaborativo e cooperativo).
- Deben estar moi presentes no deseño das actividades os principios do Deseño Universal de Aprendizaxe, ofertando dentro dunha mesma actividade, diferentes maneiras de acceder a información, diferentes xeitos de expresarse, e diferentes maneiras de motivar ao alumnado.
- As actividades manipulativas, de exploración e experimentación terán un papel principal na rutina diaria, xa que buscarei que os nenos constrúan a partir de aí o seu propio coñecemento, partindo do que eles saben para acadar unha aprendizaxe significativa.
- Na programación empregárase un enfoque activo e participativo á hora do deseño das actividades, buscando sempre que o alumnado sexa o protagonista activo das súas aprendizaxes. Ofreceranse sempre actividades onde se desenvolvan diferentes tipos de habilidades e capacidades.
- Tamén potenciarei a comunicación e colaboración coas familias, o cal é fundamental nesta etapa.

- O xogo como medio de aprendizaxe terá un papel protagonista.

Na área que nos atopamos (CRR) sempre deberemos ter en conta a concepción positiva da infancia ao respecto das súas múltiples potencialidades comunicativas, e como aula e escola deberemos dar resposta creando as condicións para que as diferentes linguaxes se desenvolvan plenamente.

### 4.2. Materiais e recursos didácticos

#### Denominación

Ferramentas tecnolóxicas: Ordenador de aula, proxector, conexión a internet, robots (beebot);..

Material funxible: convencionais e non convencionais
Material sensorial: mesa de luz, bandexas para a escritura sensorial (area, fariña...)
Material visual: carteis, , láminas...
Biblioteca de centro, de aula, libros, contos, álbumes...
Material curricular: Currículum, P.E....
Material artístico: pinturas, plastina, refugallo, teatro de sombras, luz negra, kamisibai, títeres...
Material de psicomotricidad: estruturas de gomaespuma, cordas, balóns, táboas de equilibrio...
Material non estruturado: de refugallo, elementos naturais, pezas soltas...
Material de xogo simbólico
Comunidade educativa ( Alumnado, persoal docente e non docente, familias ) e calquera persoa que interveña na vida do centro (visitas,etc)
Instrumentos musicais.
Proporcionados pola contorna, nun amplo sentido: todo o que se nos poida ofrecer no contexto que nos rodea. (parques, biblioteca Concello, etc)

Recursos materiais:Empregaremos ao longo do curso distintos tipos de materiais, tanto materiais didácticos como curriculares (libros, contos, guías didácticas,...), así como material funxible (folios, cores, pegamento, xornais, papeis de diverso tipo, cartolinas, temperas, pinceis, esponxas,...) e non funxible (como materiais relacionados coas TIC como ordenador, proxector, mesa de luz,...). Potenciaremos o uso de material de refugallo explorando as súas posibilidades de acción e facendo fincapé na importancia da reciclaxe.

Recursos persoais: as nenas e nenas recibirán docencia por parte da mestra titora, mestra de apoio á Educación Infantil, mestre especialista en Pedagogía Terapéutica e mestre especialista en Audición e Linguaxe, así como, do mestre especialista en educación musical, mestre especialista en lingua estranxeira (inglés) e da mestra de relixión os que así o solicitaron.

Recursos organizativos: organizaremos os tempos baixo presupostos de flexibilidade tendo en conta as necesidades dos nenos e nenas, tendo en contas as sesión impartidas polo profesorado especialisat e o tempo de recreo. Con respecto ao espazo organicei a aula en distintos recunchos (da calma, da imaxinación, dos artistas, da investigación e da construción) así como un lugar de traballo por equipos, e de actividades en gran grupo como zona da asemblea, potenciando o respecto pola diversidade e alternando tempos de rutinas, xogo e actividade en función das características do meu grupo de alumnos/as

## 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Proceso que supón unha serie de acordos para a posterior planificación do proceso educativo, tratando que o alumnado acade os obxectivos propostos e da análise, tanto das competencias clave do alumnado como das necesidades do grupo, que, nun primer momento, se levará a cabo a través da avaliación inicial ou diagnóstica, sempre mediante

- Observación directa, sistemática e rexistrada da participación do alumnado nas actividades e propostas didácticas.
- Análise das producións plásticas, escritas, musicáis, etc realizadas polo alumnado
- Información aportada polas familias ou titores legais na entrevista inicial.
- Diagnóstico do estado físico, emocional, coñecementos previos e limitacións de cada alumna e alumno

Destacar a importancia da avaliación inicial na atención á diversidade, tanto como medio para a identificación temprana das necesidades educativas como para proceder á posterior aplicación das medidas que se consideren necesarias.

No proceso será de vital importancia a avaliación continua e formativa , que se axeará ás necesidades e ao estadio madurativo dos nenos e nenas da aula.

## 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

### Criterios de cualificación:

A avaliación será global, continua e formativa, tal e como se indica na Orde do 25 de xuño de 2009 pola que se regula a implantación, desenvolvemento e avaliación no 2º ciclo de EI, centrándose no proceso e non no resultado, valorando os progresos ao longo do curso, co fin de que vaian progresando de forma gradual nos distintos ámbitos do desenvolvemento e valorando o erro como medio de aprendizaxe.

### Criterios de recuperación:

Este apartado non procede nesta etapa.

## 6. Medidas de atención á diversidade

Á hora de elaborar a programación tiven en conta a diversidade de todo o alumnado adaptándoa as súas características individuais, ritmos, intereses e necesidades e potenciando o respecto pola mesma. Así mesmo, traballo de forma coordinado co persoal que forma parte do Departamento de Orientación (orientadora e profesorado especialista en PT e AL) co fin de favorecer o desenvolvemento integral de todo o alumnado atendendo ás súas características e necesidades individuais. Tendo isto en conta, co fin de dar unha resposta axeitada ás necesidades de todo o meu alumnado poñerei en práctica as seguintes medidas ordinarias de acordo co sinalado no D.229/2011 do 7 de decembro polo que se regula a atención á diversidade:

- adecuación da programación didáctica ao contorno e ao alumnado
- metodoloxía baseada no traballo por proxectos e actividades cooperativas.
- adaptación de tempos e procesos de avaliación.
- reforzo educativo.

- Unha organización a nivel de aula que favoreza a inclusión e as necesidades.
- Adecuar á programación didáctica, realizárase unha interpretación flexible do currículo axustada ao grupo clase e ao alumnado con NEAE, de xeito realista e inclusivo.
- Secuenciar a xornada educativa e as tarefas, incluíndo pictogramas.
- Intervir educativamente sempre dende un enfoque multidisciplinar, dentro do propio centro (titoría, DO, PT, AL, etc) e dende fóra do mesmo (familia ou titores legais, servizos sanitarios, logopeda, atención temperá, asociacións, sociais, etc).

Así mesmo, tendo en conta as necesidades específicas de apoio educativo do meu alumnado poñéranse en práctica as seguintes medidas extraordinarias, contando coa colaboración do Departamento de orientación e traballando de forma coordinada buscando favorecer ó máximo o desenvolvemento das nenas e nenos:

- Apoio do profesorado especialista en pedagogía terapéutica e audición e linguaxe.

## 7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2
ET.1 - Descubrimiento do entorno, dos seres vivos que nel conviven, e coidado dos mesmos.	X	X

	UD 1	UD 2
ET.2 - Promoción e educación para a saúde.	X	X
ET.3 - Autonomía persoal e imaxe positiva de si mesmo, igualitaria e libre de estereotipos	X	X
ET.4 - Pautas elementais de convivencia.	X	X

## 7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Semana da prensa .	Traballo con xornais.		X	
Semana do Libro	Contacontos			X
Día de Europa	assemblea			X
semana das letras galegas	Actividade artística			X
Romaría	Actividade cultural e artística.			X
Nadal	O noso Luar	X		

## 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Deseño das actividades adecuadas ao alumnado
Elementos curriculares presentes nas actividades.
Instrumentos de avaliación eficaces e adecuados.
A avaliación do alumnado utilízase para modificar o proceso de ensinanza aprendizaxe.
Tivéronse en conta os intereses do alumnado no deseño de actividades e propostas.
Adecuación de obxectivos, contidos, secuenciación e materiais empregados.
Metodoloxía empregada
Utilízase diversidade de materiais para accederá información, para expresarse e para fomentar a motivación.

Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Empréganse diversos recursos didácticos.
Medidas de atención á diversidade
Contémplanse todas as NEAE no deseño das actividades.
Promóvese o desenvolvemento de diferentes capacidades e habilidades.
Temporalización de actividades adecuada.
Individualización do proceso ás características psicoevolutivas do alumnado.
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Existe coordinación co equipo docente.
Promóvese a participación das familias.

#### **Descrición:**

Todos os indicadores de logro teranse en conta para recoller información sobre o proceso posibilitando modificacións e melloras, para progresivamente ir mellorando o proceso de ensinanza aprendizaxe dun xeito heurístico.

### **8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora**

Como ben se sinala na Orde do 25 de xuño de 2009 pola que se regula a implantación, desenvolvemento e avaliación na EI, nesta etapa educativa non só avaliaremos ao alumnado, senón tamén a nosa práctica docente atendendo a distintos ámbitos como é a organización da aula, a distribución do tempo, a realización da actividades máis relaxadas e outras de máis movemento, a planificación tendo en conta os intereses, necesidades e nivel de desenvolvemento do alumnado, o fomento das súas diversas intelixencias como ben diría Gardner (1993), o desenvolvemento da intelixencia emocional e as diferentes formas de expresión,... Para isto elaboro un diario de aula no que vou recollendo o que vou observando ao longo da xornada, o cal me axudará tanto para avaliar ó alumnado como a miña propia práctica docente, xa que nel recollerei anotacións con respecto ós puntos sinalados con anterioridade, o cal me axudará tamén a mellorar buscando favorecer o desenvolvemento de todo o meu alumnado.

### **9. Outros apartados**

# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

## Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15001471	CEIP Praia Xardín	Boiro	2023/2024

## Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación infantil	Relixión Católica	5º Inf.	1	35

## Réxime

Réxime xeral-ordinario

<b>Contido</b>	<b>Páxina</b>
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	4
3.1. Relación de unidades didácticas	5
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	6
4.1. Concrecións metodolóxicas	14
4.2. Materiais e recursos didácticos	16
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	17
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	17
6. Medidas de atención á diversidade	18
7.1. Concreción dos elementos transversais	18
7.2. Actividades complementarias	20
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	20
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	21
9. Outros apartados	21



## 1. Introducción

Presentamos a Programación da asignatura de Relixión e Moral Católica. Esta Programación constitúe a concreción de todo o traballo a realizar no curso, razón pola que resulta de utilidade á hora de desenvolver o ano escolar e facilitar a súa lectura e comprensión por parte de todos os membros da comunidade educativa.

A Formación Relixiosa e Moral Católica conta con unha larga tradición no sistema educativo español e, respondendo as razóns da institución escolar e aos dereitos recoñecidos pola Constitución española, está garantida polo Acordo suscrito entre o Estado e a Santa Sede sobre Ensinanza e Asuntos Culturais, firmado o 3 de xaneiro de 1979, no que se establecen os principios que fan posible as garantías constitucionais. Coa incorporación da área de Relixión ao currículo de Educación Primaria, a lexislación educativa en España é coherente coa Declaración Universal dos Dereitos Humanos de 1948, que recoñece o dereito a unha educación integral e o dereito das familias a elixir a educación dos fillos.

A área de Relixión Católica, favorece o proceso educativo, contribúe á formación integral e desenvolvemento da personalidade do neno e nena. Contribúe á autonomía personal e ao proxecto vital, con liberdade e responsabilidade, en diálogo coa antropoloxía cristiá. Responde á necesidade de comprender e mellorar nosa tradición cultural, as súas expresións e significado, en contextos plurales e diversos. Complementa a educación en valores humanos e cristiáns que orienta unha identidade personal autónoma, asertiva e a súa inserción nos entornos comunitarios de pertenza. O currículo da ensinanza da relixión católica constitúe unha síntese básica e global da mensaxe cristiá, adecuada a idade do alumno, ás esixencias epistemolóxicas da materia, ás expresións culturais da contorna e ás demandas didácticas do sistema educativo. Enmárcase no contexto histórico e social, inclúe parte do acervo cultural e artístico que emana da fe católica e doutras confesións, e posibilita o análise comparado dos contidos en diálogo coa cultura de noso tempo.

A síntese da mensaxe cristiá, presentada no currículo, fundamenta e motiva valores e actitudes así como favorece hábitos de comportamento. Preténdese que o alumno adquira as competencias adecuadas á súa idade no tempo da cada etapa. Non pode existir unha formación integral e, polo tanto, unha educación de calidade, se non se desenvolven tódalas capacidades do ser humano, entre as que se atopa a capacidade transcendente. Esta capacidade básica adquire o seu cumprimento na búsqueda do sentido da vida. Enraizada no máis profundo do ser, o alumno vai descubrindo (tendo en conta os niveis de aprendizaxe propios da cada idade) nos símbolos e signos da contorna, no progreso e humanización da persoa, na linguaxe narrativa da Biblia, nos modelos cristiáns e, particularmente, na persoa de Xesucristo e a súa presenza na comunidade cristiá.

Neste contexto, tomando sempre ao alumno e alumna (coas súas características evolutivas, as súas circunstancias persoais, o seu distinto nivel de aprendizaxe, coas súas diferencias e necesidades) como soporte fundamental intentamos facer unha síntese básica e global da mensaxe cristiá, axeitada ao alumnado, ás esixencias da materia, ás expresións culturais e ás demandas didácticas do sistema educativo.

Na planificación da programación seguimos:

- Resolución do 21 de xuño de 2022, pola que se publican os currículos das ensinanzas de Relixión Católica correspondentes a Educación Infantil e Educación Primaria.

- Real Decreto 157/2022, 1 de marzo, establece a ordenación e ensinanzas mínimas da Educación Primaria, indica que as ensinanzas de Relixión se incluírán nesta etapa educativa e o currículo será competencia da xerarquía eclesiástica.

- DECRETO 155/2022, 15 de setembro, no que se establecen a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.

Teremos en consideración que o currículo orientase a lograr un desenvolvemento integral e harmónico da persoa nos distintos planos -físico, motor, emocional, afectivo, social e cognitivo- e a procurar as aprendizaxes que contribúen e fan posible o devandito desenvolvemento. As finalidades pretendidas na regulación da Educación Infantil están implícitas na ensinanza da Relixión Católica:

1. A finalidade da Educ. Infantil é a de contribuír ao desenvolvemento físico, afectivo, social e intelectual das nenas e dos nenos.
2. Na Educ. Infantil atenderase progresivamente ao desenvolvemento afectivo, ao movemento

e aos hábitos de control corporal, ás manifestacións da comunicación e da linguaxe, ás pautas elementais de convivencia e relación social, así como ao descubrimento das características físicas e sociais do medio. Ademais, facilitarase que nenos e nenas elaboren unha imaxe de si mesmos positiva e equilibrada e adquiran autonomía persoal.

3. Potenciarase a transmisión daqueles valores que favorezan a liberdade persoal, a responsabilidade, a cidadanía democrática, a solidariedade, a tolerancia, o respecto, a xustiza, a prevención de conflitos e a súa resolución pacífica, a non-violencia en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como o desenvolvemento da igualdade de dereitos e oportunidades e o fomento da igualdade entre homes e mulleres.

A ensinanza relixiosa contribúe á formación integral. Na escola desenvólense todas as capacidades inherentes ao ser humano, entre as cales se atopa constitutivamente a capacidade transcendente.

O currículo da opción católica é unha síntese básica e global da mensaxe cristiá, axeitada á idade do alumno, ás esixencias epistemolóxicas da materia, ás expresións culturais do medio e ás demandas didácticas do sistema educativo.

A área contempla o fenómeno relixioso nas distintas dimensións. A opción confesional católica achega a súa propia visión dende diferentes dimensións:

A dimensión cultural e histórica está presente, dado que o patrimonio cultural, histórico e antropolóxico que gran parte das sociedades reciben do pasado está vertebrado por contidos relixiosos. Neste senso, a Relixión católica deu froitos na arte, nos sistemas de significación moral, na creación popular e na acción social. Por iso, o currículo ensina a incidencia que o Cristianismo nos seus contidos doutrinais e nas súas formas culturais.

A dimensión humanizadora constitúe un camiño para a personalidade integral; amosando ideas, valores e crenzas que permiten a formación de homes e mulleres conscientes, críticos, libres e creadores. Trátase de afrontar as grandes preguntas que o alumno se formula e axudalo a atopar as respostas que pode asumir como opción libre e persoal.

A dimensión ético-moral explicita as esixencias morais que supón a mensaxe cristiá: unha determinada maneira de ver a vida, en cuxa base se atopa un concepto de persoa, un núcleo referencial de ideas e de crenzas, e a proposta dunha escala de principios e de valores.

A ensinanza relixiosa pretende acercar ao neno e á nena as claves principais da fe cristiá, axudarlle a descubrir esta experiencia na contorna, a que desenvolva as súas facultades de expresión e se inicie na comunicación con Deus. A iniciación á formación relixiosa e moral fundamenta e motiva os valores e actitudes básicos, favorece os hábitos de comportamento, contribúe ás destrezas e habilidades. Para isto valemonos dos elementos cristiás presentes na contorna, imáxenes e símbolos, a linguaxe e outros recursos que fan posible unha comprensión da experiencia relixiosa adecuada a esas idades.

29/09/2022 22:06:24 Páxina 5 de 36

Borrado

## 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
